# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE GUILLAREI
CURSO: 2º
MATERIA: LINGUA CASTELÁN E GALEGA, MATEMÁTICAS E CIENCIAS SOCIAIS E NATURAIS
DATA: 8/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

# 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES NAS DIFERENTES ÁREAS

## CIENCIAS NATURAIS

## PRIMER TRIMESTRE :

| .Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Nomear e localizar as partes principais da cara. | 1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. |
| 2. Nomear e localizar as partes principais do corpo. | 2. Nomea e localiza as partes principais do corpo. |
| 3. Nomear e localizar as articulacións. | 3. Nomea e localiza as articulacións. |
| 4. Coñecer e nomear os sentidos. | 4. Coñece os sentidos. |
| 5. Asociar cada sentido co seu órgano. | 5. Asocia cada sentido co seu órgano. |
| 6. Recoñecer e valorar unha dieta saudable. | 6. Nomea os alimentos estudados e diferencia a súa orixe. |
| 7. Nomear as normas básicas para estar sans. | 7. Recoñece e valora unha dieta saudable. |
| 8. Amosar interese e esforzo no seu traballo. | 8. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde. |
| 9. Presentar os traballos con orde e limpeza. | 9. Amosa interese e esforzo no seu traballo. |
| | 10. Presenta os traballos con orde e limpeza. |

| **SEGUNDO TRIMESTRE:** REFORZARANSE OS ANIMAIS E AMPLIAREMOS A VIDA DAS PLANTAS COMO REFORZO DE PRIMEIRO DE PRIMARIA. | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.<br>2. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.<br>3. Coñecer, nomear e diferenciar as características dos mamíferos, aves, réptiles, peixes e anfibios.<br>4. Recoñecer os elementos necesarios para a vida dunha planta.<br>5. Coñecer e valorar os produtos que obtemos das plantas.<br>6. Nomear as partes dunha planta. | 1. Coñece o ciclo da vida dos seres vivos: nacen, aliméntanse, teñen fillos e morren.<br>2. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.<br>3. Coñece, nomea e diferenza as características dos mamíferos, aves e réptiles.<br>4. Coñece, nomea e diferenza as características dos peixes e anfibios.<br>5. Recoñece os elementos necesarios para a vida dunha planta.<br>6. Nomea as partes dunha planta. |

| TERCEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1 Diferenciar entre ferramentas e máquinas.<br>2.Identificar os beneficios das ferramentas e as máquinas no uso diario. | 1. Nomea ferramentas e máquinas na súa vida diaria.<br>2. Identifica e nomea os diferentes usos das ferramentas e máquinas |

# CENCIAS SOCIAIS

| PRIMEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Describe a organización social da contorna máis próxima e diferenza entre vila, aldea ou cidade.<br>2. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas.<br>3. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.<br>4. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.<br>5. Explica oralmente algunhas festas, costumes.<br>6. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema.<br>7. Respecta as normas de convivencia na familia e cos seus compañeiros.<br>8. Amosa interese e esforzo no seu tr | 1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e diferenzas entre vila, aldea e cidade.<br>2. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan.<br>3. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron.<br>4. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria<br>5. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema.<br>6. Respectar as normas de convivencia na familia e cos seus compañeiros.<br>7. Amosar interese e esforzo no seu traballo.<br>8. Presentar os traballos con orde e limpez |

<table>
<tr><th colspan="2"><u>SEGUNDO TRIMESTRE:</u></th></tr>
<tr><th colspan="2">Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</th></tr>
<tr><th>Criterio de avaliación</th><th>Estándar de aprendizaxe</th></tr>
<tr><td>Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos.<br>1. Coñecer como está presente a auga na natureza e na súa casa.<br>2. Explicar e comprender o ciclo da auga.<br>3. Valorar a importancia da auga e o seu bo uso na casa.</td><td>1. Coñece as características da auga.<br>2. Coñece como está presente a auga na natureza.<br>3. Explica e comprende o ciclo da auga.<br>4. Valora a importancia da auga e o seu bo uso na casa.</td></tr>
</table>

## TERCEIRO TRIMESTRE

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo.<br>2. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo.<br>3. Recoñecer o planeta no que vivimos e a estrela que nos quenta e ilumina dentro do conxunto do Universo.<br>4. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos | 1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.<br>2. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo.<br>3. Recoñece o planeta no que vivimos e a estrela que nos quenta e ilumina, dentro do conxunto do universo.<br>4. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. |

# MATEMÁTICAS

| PRIMEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Ler, escribir e contar correctamente os números do 100 ao 400.<br>2. Escribir o anterior e o posterior .Identificar o nº maior e menor dunha serie.<br>3. Descompoñer números ata o 400 en centenas, decenas e unidades e os expresa en forma de suma.<br>4. Situar e describir a posición dos obxectos :encima, debaixo, cerca, lonxe, dentro, fóra…<br>5. Realizar comparacións de tamaños: pequeno, mediano, grande.<br>6. Resolver sumas e restas aprendo con números 0 ao 400 en horizontal e vertical e aplicando as propiedades das mesmas.<br>7. Resolver problemas utilizando a suma e a resta.<br>8. Recoñecer e trazar formas xeométricas e liñas (curvas, pechadas)<br>9. Amosar interese e esforzase na realización dos traballos. | 1. Le, escribe e conta correctamente os números do 0 ao 400.<br>2. Escribe o anterior e o posterior .Identifica o nº maior e menor dunha serie.<br>3. Descompón, compón e redondea números ata o 400 en centenas, decenas e unidades e os expresa en forma de suma.<br>4. Realiza comparacións de tamaños: pequeno, mediano, grande.<br>5. Constrúe series numéricas ascendentes e descendentes a partir de calquera número.<br>6. Resolve sumas e restas de números ata o 400 en horizontal e vertical .<br>7. Resolve problemas razoando e argumentando empregando a suma e a resta.<br>8. Recoñece e traza formas xeométricas e liñas(curvas , pechadas)<br>9. Amosa interese e esforzase na realización dos traballos. |

| SEGUNDO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Ler, escribir e ordenar os números do 400 ao 800.<br>2. Descompoñer en forma de suma, en centenas, decenas e unidades.<br>3. Distinguir entre números pares e impares<br>4. Realizar sumas e restas de números de 3 cifras .<br>5. Diferenciar os diferentes tipos de medida: capacidade, lonxitude , masa e tempo.<br>6. Coñecer as figuras planas.<br>7. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos a contorna inmediata.<br>8. Empregar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas . | 1. Le, escribe e ordena os números do 400 ao 800. Constrúe series.<br>2. Descompón en forma de suma, en centenas, decenas e unidades,<br>3. Discrimina con acerto números pares e impares.<br>4. Realiza sumas e restas de números de 3 cifras .<br>5. Distingue entre capacidade, lonxitude, masa e tempo, e os instrumentos que utilizan.<br>6. Identifica e nomea polígonos.<br>7. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi cotiás.<br>8. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos traballados, empregando estratexias de razoamento . |

| TERCEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Ler, escribir e ordenar os números naturais do 0 ata o 999.., | 1. Le, escribe e ordena os números naturais do 0 ata 999. |
| 2. Discriminar e contar moedas de euros e céntimos. | 2. Discrimina e conta moedas de euros e céntimos. |
| 3. Realizar sumas con levadas e restas sen levar con 2 e 3 sumandos. | 3. Realiza operacións con los números naturais: suma, resta e multiplicación sinxelas. |
| 4. Resolver problemas empregando estratexias de razoamento traballadas. | 4. Comunica verbalmente e escrita de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas. |
| 5. Memorizar a taboa de multiplicar. | 5. Recita a táboa de multiplicar. |
| 6. Recoñecer a aplicación da multiplicación. | 6. Emprega a multiplicación na resolución de problemas. |

| LENGUA CASTELÁN | |
|---|---|
| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | |
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Comprender distintos tipos de textos adaptados a súa idade.<br>2. Ler en voz alta distintos textos con fluidez e entoación axeitada.<br>3. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, gramática, vocabulario e regras de ortografía.<br>4. Producir textos con intencións comunicativas con coherencia, respectando a estrutura e aplicando as regras ortográficas.<br>5. Expresarse de forma oral con vocabulario preciso e estrutura coherente.<br>6. Escribir con caligrafía e ortografía correcta tanto en maiúsculas como en minúsculas atendendo á pauta.<br>7. Escribir ao ditado.<br>8. Mostrar interese e esforzo no traballo diario.<br>9. Presentar os traballos con orde e limpeza.<br>10. Manter a atención durante a exposición oral dunha narración. | 1. Entende a mensaxe, de xeito global, e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos lidos<br>2. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados a súa idade con velocidade, fluidez e entoación axeitada<br>3. Emprega a lingua oral con distintas finalidades e en distintos ámbitos.<br>4. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe as características do xénero.<br>5. Expresase cunha pronunciación y unha dicción correctas.<br>6. Escribe con caligrafía e ortografía correcta tanto en maiúsculas como en minúsculas atendendo á pauta.<br>7. Escribe ao ditado.<br>8. Mostra interese e esforzo no traballo diario.<br>9. Presenta os traballos con orde e limpeza. |

| SEGUNDO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Separar e contar de xeito preciso as letras e sílabas que compoñen as palabras.<br>2. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos<br>3. Ampliar o vocabulario para lograr unha expresión precisa.<br>4. Realizar ditados con correcta caligrafía e ortografía.<br>5. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias. | 1. Le con fluidez, entoación, ritmo adecuado e comprensión lectora.<br>2. Coñece, recoñece e emprega sinónimos e antónimos, palabras polisémicas y homónimas, arcaísmos, extranxerismos y neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.<br>3. Separa e conta de xeito preciso as letras e sílabas que compón as palabras.<br>4. Reproduce textos ditados con corrección.<br>5. Emprega un vocabulario axeitado a súa idade nas súas expresións.<br>6. Realiza ditados con correcta caligrafía e ortografía.<br>7. Capta o propósito dos mesmos (textos). Identifica as partes da estructura organizativa. |

| TERCEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1. Producir textos orais breves e sinxelos.<br>2. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura y destacando as ideas principais e secundarias.<br>3. Comprender textos orais, segundo sexan narrativos, descriptivos...<br>4. Producir textos con intencións comunicativas con coherencia, te en conta a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas.<br>5. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e na comprensión.<br>6. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos.<br>7. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | 1. Organiza e planifica o discurso adecuándose a situación de comunicación.<br>2. Amosa comprensión, con certo grao de detalle, de diferentes tipos de textos.<br>3. Responde de forma correcta a cuestións sobre a comprensión do texto.<br>4. Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe.<br>5. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade.<br>6. Reproduce textos ditados con corrección.<br>7. Coñece as normas ortográficas e as aplica nas súas produccións escritas.<br>8. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. |

| LINGUA GALEGA | |
|---|---|
| **PRIMEIRO TRIMESTRE** | |
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1.Comprender e producir textos orais sinxelos. | 1. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido . |
| 2. Manter a atención durante a exposición oral. | 2. Mantén a atención durante a exposición oral. |
| 3. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións. | 3. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións |
| 4. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas | 4. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e a entoación axeitada propia da lingua galega. |
| 5 . Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos. | 5. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. |
| 6.Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. | 6. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas . |
| 7. Ler, de forma guiada, textos | 7. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. |
| 8. Producir e reescribir textos sinxelos. | 8. Elabora o texto con coherencia xeral e de xeito creativo. |
| 9. Presentar adecuadamente os traballos escritos | 9. Presenta os seus textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas con limpeza, orde e boa caligrafía. |

<table>
<tr><td></td><td></td></tr>
<tr><td colspan="2">SEGUNDO TRIMESTRE</td></tr>
<tr><td colspan="2">Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</td></tr>
<tr><td>Criterio de avaliación</td><td>Estándar de aprendizaxe</td></tr>
<tr><td>1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos<br>2. Ler, de forma guiada, textos..<br>3. Recoñecer a relación entre son e grafía<br>4. Producir e reescribir textos sinxelos.<br>5. Recrear e recompoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.<br>6. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.<br>7. Esforzarse no traballo diario.<br>8. Rematar o seu traballo.<br>9. Presentar os seus traballos con orde e limpeza</td><td>1. Localiza información en textos.<br>2. Le textos sinxelos en voz alta, coa velocidade adecuada.<br>3. Recoñece a relación entre son e grafía.<br>4. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.<br>5. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados.<br>6. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas<br>7. Esfórzase no traballo diario.<br>8. Remata o seu traballo.<br>9. Presenta os seus traballos con orde e limpeza.<br>comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións</td></tr>
</table>

| TERCEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1.Comprender e producir textos orais sinxelos.<br>2. Manter a atención durante a exposición oral.<br>3. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.<br>4. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas<br>5.Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.<br>6. Ler, de forma guiada, textos<br>7. Producir e reescribir textos sinxelos.<br>8. Presentar adecuadamente os traballos escritos | 1. Comprender e producir textos orais.<br>2. Ler con fluidez e expresión textos sinxelos.<br>3. Ler, de forma guiada, textos para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatizar cando é preciso.<br>4. Recrear e reescribir diversos textos literarios.<br>5. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece.<br>6. Producir e reescribir textos sinxelos .<br>7. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.<br>8. Memorizar e recitar textos poéticos cos pronunciación, a entoación e o ritmo axeitado.<br>9. Presentar os seus traballos con orde e limpeza . |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | ✓ Continua e global, xa que atende a aprendizaxe como proceso e a o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo.<br>✓ Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno.<br>✓ Integradora, contempla a flexibilidade na aplicación dos criterios da avaliación.<br>✓ Cualitativa, incidindo nos aspectos particulares do desenvolvendo do alumno.<br>✓ Orientadora, proporcionando a información precisa ao alumno para adquirir estratexias apropiadas<br>✓ Informe final de cada alumno co grao de consecución e necesidade de reforzo. |
| | Instrumentos:<br>Diálogos, conversas, exposicións, preguntas orais, participación nas tarefas,<br>□ Análise e valoración de tarefas diarias.<br>□ Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións). |
| **Cualificación final** | A cualificación final obterase da media aritmética dos tres trimestres debido as circunstancias, donde o peso recaerá do traballo na aula e evolución ata o segundo trimestre, e no tercer trimestre todo aqueles aspectos que sumen e interese por parte do alumnado. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Debido a situación especial que estamos a pasar se realizarán actividades competencial, sinxelas e de reforzo dos contidos dados.<br>As actividades serán adaptadas a cada alumno e alumna e cada situación familiar.<br>Actividades que desenvolvan as destrezas básicas esenciais do primeiro ciclo: comprensión lectora, escritura, numeración, resolución de problemas e operacións básicas. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todos os alumnos dispoñen de conexión a internet, pero os dispositivos son moi variados e a velocidade moi deficiente nalgúns casos.<br>Tendo en conta esta situación se emprega varios métodos: información a través de abalar, chamadas persoais, grupo de información coas familias.. xa que non todos dispoñen de abalar...<br>Se emprega ademais o blogue da aula, aportando diferentes enlaces e xogos para reforzar os contidos para o alumnado que dispoña de ordenador e conexión.<br>Tamén exercicios do libro de texto de Matemáticas e Lingua.<br>Retos planeados para que haxa interacción entre o alumnado e a mestra, como realización de vídeos caseiros...<br>O alumnado ten que enviar cada día unha foto do realizado, se corrixirá,<br>E se indicará se hai algún erro e videoconferencias co alumnado para explicarlle as dúbidas e correxir con eles. |
| **Materiais e recursos** | O blogue de aula, os libros de textos, fichas de reforzo, documentos pdf, páxinas e enlaces, correo electrónico, ordenador, teléfono mobil, todo para facer posible a realización das actividades e metodoloxía mencionado anteriormente. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Mediante o blogue da aula, grupo cos pais e chamadas, a aplicación de abalarmobil, a páxina web do cole e o correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro e contacto directo vía teléfono con cada familia. |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .

CURSO: 2019/2020

CENTRO: Ceip. Plurilingüe de Guillarei

CURSO: 2019-2020

NIVEL: 2º de E.P.

MATERIA: Primeira lingua estranxeira : Lingua Inglesa

DATA: 03 de Maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

**1.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles........................................................................ 3

2. Avaliación e cualificación........................................................................................................................ 9

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) ........................................................................................................................................................13

4. Información e publicidade.........................................................................................................................18

## Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES |
|---|---|---|
| COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS |
| **Estratexias de comprensión de textos escritos**:<br>- Mobilización de expectativas, identificación de claves e inferencias, comprobación e reformulación de hipótese.<br><br>**Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:** convencións sociais, normas de cortesía; linguaxe non verbal.<br><br>**Funcións comunicativas:**<br>- Saúdos e presentacións.<br>- Expresión do acordo ou desacordo.<br>- Descrición de persoas e obxectos.<br>- Petición e ofrecemento de información, axuda, obxectos, permiso.<br>- Establecemento e mantemento da comunicación.<br><br>**Estruturas sintáctico-discursivas**[1]<br><br>**Léxico escrito de alta frecuencia (recepción)**[2] | - Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.<br><br>- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, actividades) , e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto.<br><br>- Identificar o tema e o sentido xeral en textos, tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos, con predominio de estruturas sinxelas e léxico de moi alta frecuencia, sobre temas moi coñecidos e cotiáns, sendo indispensable a relectura, algunhas aclaracións e a presenza dun forte apoio visual e contextual. | 1. Comprende indicacións e información básica en letreiros e carteis habituais na clase e en colexios.<br><br>2. Comprende correspondencia (postais e tarxetas) moi breve e moi sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, etc.<br><br>3. Le palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico) ou nos libros da clase.<br><br>4. Formula hipótese sobre o contido a partir das ilustracións, o título e outros elementos gráficos. |

1 Ver listado de Estruturas sintáctico-discursivas no apartado 4.B).
2 Ver listado de Léxico de alta frecuencia no apartado 4.B).

| | | |
|---|---|---|
| **Patróns gráficos e convencións ortográficas básicas.** | - Recoñecer os símbolos de uso frecuente e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.<br><br>- Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).<br><br>- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).<br><br>- Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.<br><br>- Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma, consulta, exclamación). | 5. Comprende textos escritos relativos a palabras e expresións traballadas.<br><br>6. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para ler. |

| CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES |
| --- | --- | --- |
| **PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN** | **PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN** | **PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN** |
| **Estratexias de produción de textos escritos:**<br><br>- Planificación, execución e control mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais<br><br>**Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:** convencións sociais, normas de cortesía; linguaxe non verbal.<br><br>**Funcións comunicativas:**<br>- Saúdos e presentacións.<br>- Expresión do acordo ou desacordo.<br>- Descrición de persoas e obxectos.<br>- Petición e ofrecemento de información, axuda, obxectos, permiso.<br>- Establecemento e mantemento da comunicación.<br><br>**Estruturas sintáctico-discursivas**[3]<br><br>**Léxico escrito de alta frecuencia (produción)**[4] | - Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.<br><br>- Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos concretos e significativos e aplicalos a unha produción escrita axeitada ao contexto, respectando as normas de cortesía básicas<br><br>- Construír textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo ou do seu ámbito máis inmediato, utilizando un repertorio de códigos principalmente icónicos para a súa función comunicativa.<br><br>- Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e") aínda que se | 1. É capaz de construír textos sinxelos partindo de modelos moi estructurados.<br><br>2. Redacta postais e outras formas de correspondencia sinxela seguindo un modelo e utilizando algunhas convencións básicas de inicio e peche do texto.<br><br>3. Completa formularios marcando opcións e completando datos ou outro tipo de información persoal (p. e. gustos, título dun conto lido, etc.). |

3 Ver listado de Estruturas sintáctico-discursivas no apartado 4.B).

4 Ver listado de Léxico de alta frecuencia no apartado 4.B).

| | | |
|---|---|---|
| **Patróns gráficos e convencións ortográficas.** | sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático.<br><br>- Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.<br><br>- Respectar algúns patróns gráficos e convencións ortográficas básicas. | |

## ESTRUTURAS SINTÁCTICAS E LÉXICO DE ALTA FRECUENCIA

| ESTRUTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS |
|---|
| - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and*).<br>- Afirmación (*affirmative sentences; Yes* (+ *tag*))<br>- Exclamación (*How + Adj*., e. g. *How nice*!; *exclamatory sentences, e. g. I love salade!*).<br>- Negación (*negative sentences with not), no (Adj.), No (+ negative tag)*).<br>- Consulta (*Wh- questions*) *How many...?*.<br>- Expresión do tempo: presente (*simple present*); futuro (*going to*).<br>- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past continuous*[5]).<br>- Expresión da modalidade: capacidade *(can);* obriga *(have (got) to; imperative);* permiso *(can);* intención *(going to).*<br>- Expresión da existencia *(there is/are);* a entidade (*nouns and pronouns, articles, demonstratives)*; a calidade *((very +) Adj.)*.<br>- Expresión da cantidad:(*singular/plural; cardinal numerals up to two digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: many, some, (a) little, more. Degree: very)*.<br>- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position)*<br>- Expresión do tempo *divisions (e. g., summer)*.<br>- Expresión do modo *(Adv. of manner, e. g. slowly, well)*. |

| LÉXICO DE ALTA FRECUENCIA |
|---|
| - Identificación persoal, xénero, partes do corpo;<br>- Pezas de vestir;<br>- Familia e amigos;<br>- O colexio e a clase;<br>- Mascotas e outros animais;<br>- Actividades da vida diaria;<br>- A casa, dependencias e obxectos;<br>- Xogo; |

| |
|---|
| - Clima;<br>- Tecnoloxías da Información e a Comunicación; |

As competencias básicas están integradas a través  dos bloques de contidos

## 2- Avaliación e cualificación

### 2.1- **Procedementos**

Os procedementos de avaliación adecúoos ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante este terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter **continuo e global**, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna.

Atendendo ós diferentes criterios, e partindo da época extraordinaria que estamos a vivir, non podemos levar a cabo as ferramentas que propón o currículo para seguir o proceso de avaliación na aula, polo que se modifican os procedementos da programación didáctica orixinal

No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento de carácter individual : traballos escritos, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

E respecto a avaliación **sumativa**, as probas escritas do terceiro trimestre non se poden facer debido ás clases non presenciais e a falta de recursos técnicos , pero a avaliación sumativa do terceiro trimestre basearase na presentación e valoración das producións escritas reflexadas na avaliación formativa e aos traballos de reforzo , a proposta da mestra, entregados polos alumnos .

Os procesos de avaliación adáptanse a flexibilidade que esixe estas avaliacións terceira e ordinaria.

2.2- **Instrumentos**

**Actividades de avaliación formativa**, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios do *Activity Book.*
- *Exercicios do Pupil´s Book.*
- Actividades de reforzo
- Actividades de repaso
- Actividades de ampliación
- Actividades voluntarias ( repaso que requiren medios técnicos)
- Actividades dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond.
- Actividades dixitais voluntarias de xogos e contos tradicionais : Online-learning Zone da E. Oxford.

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización das diversas actividades de avaliación referidas na Avaliación formativa.

**Actividades de autoavaliación e autoestudo,** nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- O *self-evaluation* de cada unidade .
- Portfolio.

2.3- **Cualificación Final**

A avaliación e cualificación adáptase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre beneficiando ao alumnado.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais seguirá a ser continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo valorando os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terán valor positivo para a cualificación do alumnado.

Modificarei o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria tendo en conta os dous trimestres anteriores e os avances conseguidos neste terceiro trimestre, valorando o desenvolvemento das actividades propostas.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, e o seu rexistro é a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BI): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Estes **criterios de cualificación** aplicaranse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Partindo do anteriormente exposto paso a detallar o procedemento de cualificación da avaliación final do curso.

- Cualificación positiva se os primeiro e segundo trimestres positivos. Considerarase a nota media e subirase, sempre que o traballo desenvolvido nesta época extraordinaria sexa positivo.
- A cualificación será positiva cun dos dous trimestres do curso suspensos, sempre que se realizaran as actividades de recuperación propostas a cada alumno-a particularmente, e tamén todas as demais do Activity Book, reforzo e ampliación.
- A cualificación será positiva se tendo os dous trimestres anteriores negativos, realizan as actividades propostas, as de reforzo, ampliación e as de recuperación propostas a cada un deles.
- A cualificación será negativa se tendo un ou dous trimestres suspensos, non fan as actividades propostas, nin as de recuperación, reforzo e ampliación.

## 3- <u>Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre</u>

No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, pero tamén faremos ampliación de contidos ,posto que xa iniciaramos o terceiro trimestre cando chegou toda esta situación ,fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo calidades adquiridas previamente.

### 3.1- Actividades

- **Actividades para** activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas de repaso xa traballados e do novo que se traballa . Actividades de repaso de vocabulario.

- **De desenvolvemento inc**luíndo diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

- vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais (***Vocabulary***).
- A lectura e comprensión de textos (***Reading***).
- As estruturas gramaticais (***Grammar***).
- A comprensión e a expresión escrita (***Writing***).

- Elimínanse a comprensión e expresión oral. ( No caso da comprensión por falta de medios técnicos, aínda que se propoñen actividades, non se pode facer de xeito obrigatorio.

- **De reforzo :** ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.
- **Ampliación:** actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades .

- Extra: son actividades de ampliación baseadas no repaso que soamente fan algún alumnos a demanda deles.

- Actividades de recuperación/ reforzo: Son as ofrecidas aos alumnos-as con máis dificultades de aprendizaxe e cunha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre.

- **De desenvolvemento de competencias clave**

  Algunhas actividades contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas, entre as que se incluirían:

  - Actividades interactivas da E. Macmillan
  - Actividades na lousa dixital
  - Actividades baseadas en distintos soportes
  - Actividades de investigación
  - Interpretacións de datos, gráficas, etc.
  - Textos culturais
  - Actividades nas que se traballan as emocións

- **De avaliación**

  **Actividades de avaliación formativa**, onde se avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

  - Exercicios do *Activity Book*
  - *Exercicios do pupil´s Book*
  - *Worksheets*
  - *Outras actividades propostas (dixitais, investigación)*

  **Actividades de autoavaliación e autoestudo,** nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

  - O *self-evaluation* de cada unidade

- **Complementarias**
  Elimínanse no terceiro trimestre.

3.2- **Metodoloxía**

Como os alumnos-as non van regresar ás clases este curso, ao inicio do próximo curso 2020-21 levarase a cabo unha proba con carácter diagnóstico como referencia para programar o inicio do curso 2020-21.

No terceiro trimestre  do presente curso valoraranse as actividades de Writing e reading, posto que ,ao non ter clases presencias é tendo en conta as dificultades atopadas , as actividades de listening e orais non se poden valorar, aínda que se enviaron vídeos e listenings mediante a páxina web do centro, no apartado específico de Inglés nas carpetas dos diferentes cursos.

Aos alumnos-as que non entregan as actividades solicitadas , ben por dificultades de medios técnicos , ( ausencia de dispositivos, rede,..) ou por abandono, se lles solicitarán as actividades ao final de maio, tendo que facelas chegar ao Centro para a súa valoración.

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp. E por suposto mediante os titores.

Para propoñer as actividades tiven en conta  que:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos.
- A aprendizaxe a nivel de competencias.
- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.
- Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes.
- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.
- A avaliación do proceso individual  dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.
- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.
- Unha aprendizaxe permanente.

**3.3- Materiais e recursos didácticos**

Os materiais e recursos utilizados son:

- Libro de Actividades e o de texto utilizado é Tiger 2 da E. Macmillan.
- Recursos dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, da Editorial MacMillan.
- Recursos na web *Oxford Online Learning Zone*, da E. Oxford, con práctica interactiva, xogos e contos tradicionais para ser utilizados na casa .
- Worksheets de repaso, reforzo, ampliación, vocabulario, reading,… fotocopiadas e entregadas aos alumnos.
- Fichas de repaso cargadas na Páxina web do Centro.
- Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC .
- Recursos dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond.
- Plataforma dixital CliknPlay.

# 4- <u>Información e publicidade</u>

4.1- **Información ás familias**

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp.

4.2-**Publicidade**

Publicación obrigatoria na páxina web do Centro

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILÍNGÜE DE GUILLAREI
CURSO: 2º
MATERIA: ED. FÍSICA
DEPARTAMENTO: ED. FÍSICA
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE


- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.<br>▪ B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo.<br>▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. | ▪ B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. | ▪ EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| ▪ i | ▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.<br>▪ B1.5. Integración das tecnoloxías da información | ▪ B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como | ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, | ▪ CCL<br>▪ CD | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | recurso de apoio á área. | estrutura e limpeza. | ▪ CAA | |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD | ▪ TODOS |
| ▪ a<br>▪ k<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.<br>▪ B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.<br>▪ B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.<br>▪ B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio. | ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | ▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. | ▪ CSC | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | | | resultado das competicións con deportividade. | | |
| BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN | | | | | |
| ▪ k<br>▪ m | ▪ B2.1. Aceptación da propia realidade corporal.<br>▪ B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal. | ▪ B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. | ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |
| ▪ b<br>▪ k | ▪ B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais).<br>▪ B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de | ▪ B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. | ▪ EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | movemento das distintas articulacións e segmentos corporais.<br>▪ B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases.<br>▪ B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos.<br>▪ B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...).<br>▪ B2.8. Afirmación da lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias.<br>▪ B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das | | ▪ EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | sensacións. | | | | |
| BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES | | | | | |
| ▪ B<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.<br>▪ B3.2. Desenvolvemento e | ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | ▪ EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos.<br>▪ B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos.<br>▪ B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade.<br>▪ B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.<br>▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais. | | ▪ EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS | | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B4.1. Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do | ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. | ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| ▪ m<br>▪ o | movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).<br>▪ B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo.<br>▪ B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións.<br>▪ B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse.<br>▪ B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. | | ▪ EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE | | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k | ▪ B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física.<br>▪ B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa.<br>▪ B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde. | ▪ B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. | ▪ EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| ▪ k | ▪ B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes.<br>▪ B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo. | ▪ B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. | ▪ EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS | | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.<br>▪ B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo.<br>▪ B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas.<br>▪ B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais. | ▪ B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición. | ▪ EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| ▪ d<br>▪ k<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.<br>▪ B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais.<br>▪ B6.7. Práctica de xogos | ▪ B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. | ▪ EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas. | ▪ CCEE<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | SEGUNDO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | libres e organizados. | | ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| ▪ k<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza. | ▪ B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre. | ▪ EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>A avaliación será continua e global. Terá en conta:<br>O progreso do alumno en todas as unidades didácticas da programación tendo en conta o seguinte:<br>• O desenvolvemento cognitivo motriz do alumn@.<br>✓ Que o alumn@ supere os aspectos concretos establecidos nos criterios de avaliación.<br>✓ Que o alumn@ progrese respecto de él mesmo (da súa avaliación inicial).<br>• As actitudes e hábitos de conduta.<br>• Que o alumn@ desenvolva unhas determinadas actitudes e hábitos de conducta: asistencia a clase, si leva a roupa e calzado adecuado (deportivo), as normas hixiénicas e de seguridade, se pon interese, se participa, se esforza, respecta aos demais, o material e as instalacións.<br>En relación aos criterios de cualificación indicar que terán a seguinte valoración:<br>• Ámbito Cognitivo: 20 %<br>• Ámbito Motriz: 50 %<br>• Ámbito Socio-Afectivo: 30%</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>1. Ficha de rexistro persoal e datos corporais (peso, altura, etc)<br>2. Exames prácticos (aplicación práctica de contidos como por exemplos dirixir quecementos, etc).<br>3. Traballos teóricos (ampliar coñecementos sobre as UD traballadas, valores deportivos, etc).<br>4. Cuestionarios (cohesión grupal, test, ...)<br>5. Test físicos (DAFIS).<br>6. Rexistros anecdóticos.<br>7. Rúbricas.<br>8. Listas de control e comprobación.<br>9. Cuestionario de auto avaliación do mestre.<br>10. Fotografías e vídeos de traballos e probas concretas. (especialmente neste trimestre).</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>A cualificación final do curso obterase a partir da media aritmética dos 3 trimestres. Así mesmo, o terceiro trimestre, debido as súas especiais circunstancias, se calificará partindo da avaliación do segundo trimestre, valorando que os contidos traballados no terceiro trimestre sumen, agás nos casos extraordinarios.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>De momento na educación primaria non consta esta opción.</td></tr>
</table>

| 2. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | • Debido ás especiais circunstancias nas que se desenvolve o 3º trimestre, as actividades propostas ao longo do terceiro trimestre buscaran repasar os contidos traballados nos dous primeiros trimestres, reforzando ao alumnado que o precise e ampliando a quen o demande.<br>• Debido ao carácter integral das actividades anteriormente citado, o traballo dos contidos será competencial, procurando que o alumnado poda facer un uso práctico dos mesmos.<br>• En calquera caso, as actividades e tarefas do terceiro trimestre teñen como obxectivo preparar ao alumnado para afrontar co maior éxito posible o curso 2020/2021. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | • O alumnado non dispón de dispositivos de conexión en varios casos (en moitos casos a liña de datos do teléfono móbil dos seus familiares). Así, a metodoloxía empregada parte do condicionante dun tráfico de datos o máis baixo posible. Como especialista de educación física selecciono unhas tarefas que subo a unha carpeta de Google Drive. Estas tarefas soen ir acompañadas de textos explicativos, links a vídeos, propostas de tarefas, lecturas...<br>• O alumnado realizará as tarefas no súa casa a parte práctica ou no seu caderno as teóricas e posteriormente envían fotos e vídeos deste ao e-mail efguillarei@gmail.com habilitado para tal fin. Estas fotos e os vídeos son visualizados por min.<br>• Cabe sinalar que o e-mail tamén está habilitado para consultas por parte do alumnado e/ou as familias.<br>• As especiais circunstancias nas que se desenvolve o 3º trimestre, ofrecen (como aspecto positivo a nivel metodolóxico) a oportunidade de traballar aspectos comunicativos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. |
| **Materiais e recursos** | • Destacan o uso de libros dixitais (5º e 6º curso), google drive, do correo electrónico, do teléfono móbil (que usan as familias para fotografar as tarefas e envialas).<br>• Cabe destacar tamén como recursos humanos (a maiores do equipo docente), a participación e colaboración das familias no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado. |

| 3. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | • A miña comunicación coas familias e o alumnado é a través das seguintes vías:<br>✓ Mensaxes a través do e-mail de educación física, avisos na web do centro, mensaxes e chamadas telefónicas con algunha familia concreta.<br>✓ Destacar a moita dificultade a comunicación con algunhas familias. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do noso centro (CEIP PLURILÍNGÜE DE GUILLAREI). |

Adaptación da Programación Didáctica

Curso: 2º Educación Primaria

Materia: Educación Musical

Curso 2019-2020

segundo as

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ■ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | ■ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. |
| ■ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. | ■ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. |
| ■ B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. | ■ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. |
| ■ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. | ■ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.<br>■ EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. |
| ■ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. | ■ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. |
| ■ B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | ■ EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. |
| ■ B3.1. Realizar pequenas coreografías. | ■ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. |
| ■ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. | ■ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. |

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Atendendo ás  Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do vixente curso académico, o proceso de avaliación centrarase nos contidos e nas competencias abordadas nos dous primeiros trimestres.<br>O traballo do terceiro trimestre estará enfocado a fomentar a creatividade do alumnado. Como se explicará noutro apartado, será da elección de cada alumno. Este traballo non se avaliará de xeito independente para facer “media” coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación (ata 2 puntos).<br><br>Procedementos:<br>- Análise e observación directa do traballo solicitado/enviado.<br>- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para esta avaliación.<br>- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).<br>- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).<br>- Interese e participación cara á área<br>- Entrega do traballo no prazo indicado.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>- Traballo do alumnado.<br>- Correo electrónico.<br>- Vía telefónica.<br>- Plataformas educativas.<br>- No caso de volver ás clases algunha proba para valorar o traballado neste trimestre.<br>- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Outros documentos gráficos ou textuais (fichas, libro de texto, etc.).<br>- Participación nas actividades propostas.<br>- Proxectos persoais.<br>- Representacións e dramatizacións.<br>- Elaboracións multimedia.<br>- Calquera outra actividade que sexa útil para ver o progreso, implicación e motivación do alumnado.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>O total da nota será a media das dúas primeiras avaliacións e, a partir desta nota, o traballo que fagan durante a terceira avaliación soamente servirá para subir a media que obteñan. Esta nota será obtida a partir dos instrumentos de avaliación indicados no apartado anterior.</td></tr>
</table>

| 1. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Debido ás peculiaridades da materia, e ao non poder realizarse traballo de canto e danza en grupo nin tocar en conxunto, as actividades propostas ao alumnado serán as seguintes:<br>• Retos musicais a través de audios e vídeos<br>• Seguimento de musicogramas<br>• Construción de instrumentos<br>• Realización de actividades do libro de texto |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | O alumnado recibe as tarefas a través da páxina web do centro.<br>Para a revisión e corrección das tarefas enviarán as tarefas ao meu correo electrónico.<br>Ademais no mesmo correo poden escribir as súas dúbidas para que sexan contestadas.<br>No caso do alumnado que non dispón de medios para acceder ás tarefas, facilítanselle telefonicamente. |
| **Materiais e recursos** | - Será necesario dispositivo informático e conexión a internet. En caso de non dispoñer del, as tarefas pódense enviar vía whats app.<br>- Libro de texto<br>- Fichas de actividades.<br>- Recursos en liña.<br>- Recursos multimedia. |

| 1. **Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado comunícase coas familias a través de diversas vías:<br>- mensaxes a través de Abalar móbil<br>- correo electrónico<br>- avisos na web do centro<br>- chamadas telefónicas |
| **Publicidade** | Publicarase na páxina web do centro e facilitaráselle ás familias do alumnado se así o requiren. |